



MISA CON NENOS 1 de marzo 2020 CORESMA 1º-A



Mateo 4,1-11: “Xesús foi tentado polo diaño”.
Mensaxe: **CORESMA é camiñar CONTRACORRENTE:**
Deixar atrás poder, fama, riquezas, prestixio...

1. ACOLLIDA

Amigos e amigas:

Hoxe, podédelo comprobar, cambiaron algunhas cousas na nosa igrexa: as flores, a cor da casula, unha cruz no altar...

Comezamos un tempo moi especial, a Coresma. Un tempo no que, nada nin ninguén, nos debe de distraer. O noso obxectivo é chegar a Semana Santa. Acompañar a Xesús coa súa cruz e guiados pola fe, a oración e as boas obras. Tamén intentaremos renovar o noso bautismo pois o Evanxeo de cada domingo vai tocando símbolos e aspectos do noso bautismo. Xuntos ímolo intentar.

Amigos, Xesús hoxe recordaranos que non nos deixemos levar polo máis fácil e cómodo, polas tentacións e que elixamos como Xesús o bo camiño, o camiño do amor, o camiño do Evanxeo.

*(Poderíase poñer nas escaleiras do presbiterio PAN de diferentes clases, decorado con tea en forma de camiño, o camiño que elixe Xesús non é só pan, o material, senón facer a vontade do Pai).
-No nome do Pai... A graza e o amor de Xesucristo, que nos convoca á conversión, sexa convosco.*

2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN *Pedimos perdón ao Señor:*

-Recoñecemos o noso afán de ter e de consumir. **Señor ten piedade de nós.**

-Recoñecemos o noso desexo de estar por encima dos demais. **Cristo ten piedade de nós.**

-Recoñecemos a nosa tentación de vivir tranquilos sen converternos, sen volver a Deus. **Señor ten piedade de nós.**

3. BENDICIÓN E IMPOSICIÓN DA CINZA

Con espírito humilde oremos, irmás e irmáns, a Deus o noso Pai, para que bendiga, esta cinza que imos impoñer na nosa cabeza. Con este xesto, queremos recoñecernos pequenos, pecadores, necesitados de perdón. *(Breve silencio)*

-Oh Deus, que che deixas vencer polo que se humilla e atopas agrado en quen expía os seus pecados; escoita benignamente nosas súplicas e derrama a graza da túa bendición sobre estes servos teus que van recibir a cinza, para que, fieis as prácticas Coresmais, poidan chegar, co corazón limpo, á celebración do misterio pascual do teu Fillo. Que vive e reina por sempre eternamente”.-Amén.

Finalizada a oración, asperxe con auga bendita as cinzas. Seguidamente, diríxese ao lugar desde o que vai impoñer a cinza. Xunto a el colócase unha persoa co Evanxeliario aberto. Mentres impón a cinza: “Convértete e cre o Evanxeo”. Cada persoa responde poñendo a man no libro da Palabra de Deus, como sinal de aceptación.



4. PALABRA DE DEUS

Imos escoitar con atención estas lecturas onde, unha vez máis, imos ver como “xa desde o principio da Creación- afastámonos de Deus. Pero non esquezamos o que as lecturas nos lembran a continuación: Xesús saldou esa conta do home con Deus. É dicir; Xesús deu a volta á humanidade. Iso non quita para que, como o Evanxeo deste día, se nos recorde que teñamos que estar atentos para non separarnos do Señor, caendo na tentación.

5. ORACIÓN DOS FIEIS

Neste tempo de misericordia e de graza, presentemos confiadamente a nosa oración ao Pai, dicindo:
-Non nos deixes caer na tentación.

1. Oremos pola **nosa Igrexa**; para que se renove constantemente para ser máis fiel a Xesucristo. **Oremos.**
2. Oremos polos **homes e mulleres**; para que todos escollamos o camiño do ben e non o do mal. **Oremos.**
3. Oremos pola nosa **comunidade**; para que o camiño Coresmal nos axude a preparar a Pascua. **Oremos.**
4. Oremos por **nós**; para que vivamos o xaxún, a esmola e a oración como encontro con Deus e cos irmáns. **Oremos.**
5. Oremos por **todos**; para que crezamos en participación na Eucaristía, en escoitar a Palabra. **Oremos.**
Escoita, Pai, as nosas pregarías, e énchenos co teu amor. Por Xesucristo, noso Señor.

6. OFRENDAS

- CENIZA:** Con esta cinza queremos ofrecerche, Señor, o noso desexo de cambiar a mellor durante esta Coresma. Que cheguemos á Pascua limpos e cheos de boas obras.
- CARTOLINA:** Hoxe, Señor, escribimos nesta cartolina algunhas das tentacións que máis saen no camiño da nosa vida: falta de fe, egoísmo, silencio de Deus, comodidade, preguiza, riqueza, violencia e apatía. Que Ti, Señor, as transformes en signos do teu Reino.
- PAN E O VIÑO:** O pan e o viño, Señor, simboliza o noso traballo. O desexo de colaborar con Deus para que o mundo vaia mellorando de día en día. Pero, ademais, queremos que o teu Espírito Santo os transforme no Corpo e o Sanguie de Cristo.



7. SUXESTIÓNS

- Escribe nun papel 7 tentacións que tes e trata cada día de rexeitar unha.
- Pídelle a Xesús que che regale o seu Espírito para ser forte e ir contracorrente.
- Mira o teu corazón, Xesús quere transformalo, mira o que te pesa, te estorba ou te impide camiñar. Pensa nas túas 40 tentacións e combate unha cada día.
- Ten en conta tamén 3 cousas** que nos axudan a vencer e a vivir para Deus:
 - ***ORACIÓN: a túa relación con Deus,** ORA, escoita a Palabra, Eucaristía dominical, confesión.
 - ***ESMOLA: a túa relación cos demais:** COMPARTE as túas cousas e o teu tempo, dáte a ti mesmo, ama, serve.
 - ***XAXÚN: a túa relación contigo mesmo:** XAXÚA de preguizas, rancores, vinganzas, xenio, frases daniñas, soberbia, comodidade...
- Aprendede ?Corenta días camiñando?** <https://www.youtube.com/watch?v=WiSWRZkem5Q>
- Preparade a imposición da cinza,** polo menos para os nenos se non participaron na celebración: con iso expresamos que estamos arrependidos, que rexeitamos as tentacións e que imos elixir o camiño de Deus.
- Debuxamos en medio folio un boneco** coas mans e as pernas abertas. Del saíran unhas cadeas que son o que nos tentan: preguiza, consola, móbil, tristeza, protestar, pouca oración... Poden ser cousas, defectos, actitudes... Pódese presentar no ofertorio como símbolo do que queren quitarse durante a Coresma. Logo devolveráselles para que o teñan á vista nas súas casas para podelo limpar da súa vida. Tamén se podería dicirlles que escribisen 7 tentacións que ten e tratar cada día de rexeitar unha.



8. VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: Coresma-1ªA, Mateo 4,1-11: As tentacións.

- Xesús é tentado polo diaño, película <http://www.youtube.com/watch?v=jt2RPUASiac>
- Coresma 01, Mt 4, 1-11, película: <http://youtu.be/tFJIQZvKew>
- Xesús no deserto, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=myQSkWTAdIY&index=1&list=PL200B0FB3F8BBDE11>
- Tentacións, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=1wl3jnDULd4>
- Apple Store, Verbo Divino 2011, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=pjGzxCS2eng>
- Son o que fago, Verbo Divino 2014, reflexión: <http://www.youtube.com/watch?v=dQ7b-uwYPJo>
- Cambiamos, VD 2017, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=bBbJULKgbWA>
- As tentacións: cómic: <http://www.youtube.com/watch?v=J5XF6805O7I>
- Coresma, iso que é?, explicación: <http://www.youtube.com/watch?v=y-LdGwD1Bwl>
- Inicio de Coresma, tempo de conversión, explicación: <http://www.youtube.com/watch?v=wS5D8l1oLts>
- As tentacións, canto de Javier Brú: <https://www.youtube.com/watch?v=h6VGBlgYYdc>
- Xesús é, canción de Unai Quirós: <https://www.youtube.com/watch?v=PDwp-M7E5UI>
<https://www.youtube.com/watch?v=1wl3jnDULd4>
- Corenta días camiñando, Canto representado: <https://www.youtube.com/watch?v=ndYRVAMQodc>
- Converte, canto de Unai quirós: <https://www.youtube.com/watch?v=-EKqxmgekoQ>
- As Tentacións, Canto do Evanxeo <https://www.youtube.com/watch?v=5NUG3JUFpO8>
- Lecturas con linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=YCeijUPmXig>
<https://www.youtube.com/watch?v=Fj048AWiN1Q>

Mércores de Cinza: Mateo 6, 1-6.16-18.

- Coresma, debuxos, explicación: <https://www.youtube.com/watch?v=ocS9zNNA8Ac>
- Que é mércores de cinza e Coresma, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=tnCgaxfZDFs>
- Mt. 6,1-18, película: <http://youtu.be/UtMQVaAmesw>
- O xaxún que a Deus lle agrada, explicación: <http://youtu.be/VK71XzGmVDO>
- Vídeo-reflexión para Coresma: <http://youtu.be/DaIBFaRpFJg>
- É tempo de cambiar, canción Juanes: <https://www.youtube.com/watch?v=YKqMzQYupYM>
- Non fagas como os hipócritas, Javier Brú: <https://www.youtube.com/watch?v=muF39wDIM>
- Lecturas con linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=A8IVoKNuINM>

